




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.es
agadic@
AGADIC

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A AGADIC E A EMPRESA GADISA RETAIL SLU, DE PATROCINIO DAS ACTIVIDADES QUE SE LEVARÁN A CABO DURANTE O PROGRAMA CULTURAL “CULTURA NO CAMIÑO”

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

REUNIDOS

Dunha banda, D. Jacobo Sutil Nesta, na súa calidade de director da Axencia Galega das Industrias Culturais (no sucesivo AGADIC), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude do acordo do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da AGADIC, publicado no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra banda, D. Antonio Cortés Lobado, Director de Marketing da empresa Gadisa Retail SLU, (no sucesivo GADISA), como representante desta, con CIF B-15735590 e domicilio social no Polígono Pielada, s/n, 15300 de Betanzos, A Coruña.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Axencia Galega das Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas función atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia, (artigo 5.b), da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).


Segundo.- Que Gadisa, colabora en distintas manifestacións de promoción da cultura, e unha das actividades que leva a cabo consiste en conceder axudas, subvencións ou estipendios de natureza económica para realización das mesmas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.es
agadic@
AGADIC

Terceiro.- Que Gadisa considera vantaxoso para os seus intereses colaborar nas actividades que se organicen dentro da programación relativa ao programa da Agadic “Cultura no Camiño”, pola grande relevancia do evento, polo que, para levalo a cabo, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLAUSULAS

Primeira.- É obxecto do presente convenio regular a colaboración entre o Agadic e Gadisa, no patrocinio das actividades que se levarán a cabo durante o programa cultural “Cultura no Camiño”, que terá lugar en 106 concellos galegos polos que discorren os distintos camiños de Santiago, entre os días 15 de abril de 2018 e o 30 de setembro de 2018, incluíndo as actividades que se van desenvolver nos días previos e posteriores.

Segunda.- Para a execución do patrocinio acordado, Gadisa comprométese a satisfacer un importe de **7.500 euros**, que pagará mediante transferencia bancaria na conta corrente nº ES 24 2080 0388 21 3110002037 da Agadic, con carácter previo ao inicio das actividades e preferiblemente coa sinatura do convenio.

Terceira.- Pola súa banda, o Agadic comprométese a garantir a correcta realización das actividades que se detallan no programa “**Cultura no Camiño**”. Así mesmo, recolle a imaxe corporativa da entidade na contraportada do programa. Ao rematar as actividades a Agadic enviaralle un dossier informativo e recopilatorio das actividades realizadas durante a mesma.

Cuarta.- Gadisa queda autorizada para facer todo tipo de publicidade, comunicados de prensa etc., sobre a súa participación como entidade patrocinadora das actividades acordadas no presente convenio, agás aquela que supoña a necesidade dunha autorización previa por parte da Agadic.

Quinta.- Créase unha Comisión de Seguimento e Interpretación do presente convenio, integrada por unha persoa por cada unha das entidades.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias:

1. Resolver os problemas que suscite a súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións de este convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.

A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

O convenio terá natureza administrativa e será competente a xurisdición contencioso-administrativa para coñecer das controversias que poidan xurdir en relación coa súa interpretación e aplicación.


Sexta.- A Agadic e Gadisa participarán conxuntamente na rolda de prensa que se celebre para a súa difusión desde patrocinio, así como en calquera acto público que as partes acordén.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.es
agadic@
AGADIC

Sétima. O presente convenio estará en vigor dende a data súa sinatura ata a finalización do programa cultural da Agadic Cultura no Camiño.

Oitava. A entidade está obrigada a relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa Administración. Artigo 14.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Novena. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso dos interesados á Administración Autónoma, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da difusión do mesmo no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Agadic e asemade, para incluír e facer públicos os datos referidos ao mesmo no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

E, para que conste , ambas partes asinan este convenio, por duplicado no lugar e na data antes citada.

Pola Agadic

Por Gadisa Retail SLU

Asdo.: D. Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic
(P.D. do Presidente do Consello Reitor
da Agadic, DOG 29/8/2012)

Asdo.: D. Antonio Cortés Lobato
Director de Marketing